

Anxo Angueira (2024): *I es a noite, i es a aurora. A poética da luz en Rosalía de Castro. Resposta da excma. sra. Chus Pato*. A Coruña: Real Academia Galega, 73 páxs.

O sábado 27 de abril de 2024 ingresou na Real Academia Galega Anxo Angueira Viturro (Manselle, 1961) e fíxoo na súa terra, en Padrón, rodeado dos seus. Escolleu pronunciar o preceptivo discurso no antigo instituto da vila, hoxe Auditorio Municipal, onde de mozo cursara BUP e COU. Antes de lelo participou nunha ofrenda floral ante a estatua de Rosalía, no Espolón, en cuxo piar confesou ter descodificado, sendo neno, as primeiras palabras escritas na nosa lingua. Para homenaxealo en día tan sinalado, os amigos e a Escola de Navegación Tradicional Dorna quixeron transmitirle o seu afecto e argallaron un corredor de remos ergueitos que atravesou risoño antes de acceder ao local onde o recibiron entre aplausos amigos, familiares e académicos.

De boa parte de todo isto fala o propio Angueira na primeira parte de *I es a noite, i es a aurora. A poética da luz en Rosalía de Castro*. Diso e dos seus mestres e compañeiros. Entre eles, de forma sinalada, tres académicos ausentes por distintos motivos, Bernardino Graña, Xosé Luís Méndez Ferrín e Dario Xohán Cabana. Loxicamente non esqueceu tampouco a Salvador García-Bodaño (Teis, 1935 – Veitureira, 2023) a quen sucede na institución e de quen foi, ademais de veciño, amigo e compañeiro.

Tras tan emotivo exordio comezou a desenvolver o tema principal da alocución, centrada na pegada da luz (na súa ausencia ou presenza) na obra poética rosaliana. Fíxoo sendo consciente de que seguía a estela dunha ampla listaxe de eruditos que, en ocasión parella e antes ca el, escolleran a escritora e a súa obra como eixe da disertación académica. Honraba así a Victoriano Taibo (1948), a Carballo Calero (1958), a Luz Pozo Garza (1996), a Bernardino Graña (2010) ou ao propio Otero Pedrayo (1929) que tan ben lidos ten e que, coma el, ingresaron na RAG con discurso de tema rosaliano.

Folga dicir que escolleu ben o título do traballo. Botou man do duodécimo verso do poema máis internacional das nosas letras, a «Negra sombra» de *Follas novas*, para construír un atinado exercicio de erudición que non por breve deixa de estar perfectamente tramado e suxestivamente redactado. Demostrou, en palabras sinxelas e prosa fluída, o fondo coñecemento que posúe da obra da poeta. Fíxoo ademais dándonos a oportunidade de escoitalo recitar con esa súa voz fonda que empregou para insistir unha e outra vez na coherencia e unidade da obra da escritora, na súa evolución e na maduración do seu verso. O lector curioso do discurso impreso dificilmente resistirá a tentación de consultar unha edición completa dos fragmentos dos poemas comentados.

O razoamento do discurso segue unha liña temporal que abrangue a totalidade da obra pois comeza coa publicación de *La flor* (1857) e remata coa análise de *En las orillas del Sar* (1884). Sinala Angueira que en *La flor*, obra dunha escritora de apenas 20 anos, están xa algunhas das «grandes estratexias de Rosalía como escritora»

e apunta moi atinadamente á «subversión de modelos masculinos patriarcais ou misóxinos». Detense para demostralo en «La rosa del Campo Santo», o último poema dese primeiro libro. Unha composición longa que, en estrofas diversas, revisita o mito de don Xoán desde o punto de vista feminino, desde o punto de vista de Inés. Partía aquela escritora novel dunha flor «seca, murcha, fúnebre, unha flor gótica, nocturna» afirma o autor do texto.

Desprázase con rapidez, pois as características do discurso así llo esixen, á segunda obra en verso, *A mi madre* (1863), pequeno caderno con sete composicións publicado ao pouco do pasamento de Teresa de Castro, a nai da escritora. A dó da orfa atravesa unha progresión, unha evolución evidente que se volve complexa ata descubrírnos a unha filla que «ama e repele a un tempo a súa nai, cousa que máis a asombra e aínda máis a espanta».

Rosalía é, para Anxo Angueira, unha poeta feminista, unha muller politicamente comprometida. Unha escritora fonda que en *Cantares gallegos* (1863) contesta «verso por verso» e con determinación o «insultante soneto que Góngora lle dedica a Galicia». Estamos agora ante un libro luminoso, un volume iluminado polo «Sol de Italia», «a Italia de Garibaldi, a do Risorgimento, un modelo político para Galicia nesta fase histórica». E no libro, detense Angueira na «Alborada», o penúltimo texto de *Cantares*, «un exercicio experimental consistente en dotar de letra unha peza instrumental propia da gaita», unha chamada da poeta ao despertar de Galicia, «unha salutación a un novo tempo de “rico porvir”, un tempo novo soñado». É, en palabras do autor do texto que nos ocupa, «a primeira chamada ó despertar de Galicia», «xa non é a luz dun novo día: é a luz dun novo tempo». Velaí a Rosalía comprometida.

E chega Angueira a *Follas novas* (1880) e faino para afirmar que este «é o libro da derrota», do pesimismo, pois estas páxinas «son fillas da restauración borbónica e polo tanto do fracaso do proxecto político de Rosalía e Murguía». Predomina nel a ausencia de luz e como exemplo as tebras habitadas por mulleres que van e veñen no medio da noite soias. É a noite de «Estranxeira na súa patria», de «A probiña que está xorda»... É tamén a escuridade das «viúdas de vivos e mortos que ninguén consolará», «porque é precisamente a noite a que ilumina a súa soidade e a súa angustia, as súas dúbidas e temores. A que se autoexplica como Penélope en “Tecín soia a miña tea”» (p. 32). A muller parece querer «rebelarse e fuxir desta condena, do seu papel doméstico, agardador e pasivo [...]». Son, estas, mulleres que Rosalía sitúa diante dun límite, dunha fronteira, dun abismo: o de fuxir, o de buscar alternativa» (p. 33).

E por suposto en *Follas novas*, a sombra, a negra sombra, «o recoñecemento de como o eu consciente pode estar sometido á convivencia con outros eu. E ese é un recoñecemento rotundo, carente de resignación, cheo dun distante asombro feito máis ca de medo, de fascinio [...]. Un recoñecemento onde a autora soubo facer convivir o escuro enigma coa brillante revelación» (p. 40).

Remata a intervención o novo académico recordándonos o compromiso ecoloxista que se agocha tras *En las orillas del Sar* (1884), o derradeiro libro de versos

da autora. Envoltos nunha luz amortuxada, nunha luz apagada. Ao carón da sombra protectora das árbores, das sombras que se perseguen sen atoparse «asistimos a unha nova dimensión do lirismo rosaliano, que olla máis ca nunca para o ceo, non nun sentido relixioso, máis ben nunha dimensión diríamos astronómica ou cósmica, pois nela interveñen a luz e mailos astros» (pp. 43-44). E antes de pechar a intervención unha sucinta reflexión, apenas unha enunciación, de como outros poetas (de Curros Enríquez a Xohana Torres, pasando por García Lorca, Luís Pimentel, Novoneyra, Bernardino Graña, Xohán Cabana ou Méndez Ferrín), souberon percibir a relevancia da luz na obra da poeta.

Pouco máis resta por dicir. A resposta de Chus Pato, amiga e boa coñecedora da traxectoria de Anxo Angueira, acertada e sincera, completa o volume relacionando a biografía do académico coa súa obra. Detense brevemente na súa narrativa e na súa na poesía, para rematar co traballo ensaístico de Anxo Angueira entre cuxas páxinas destaca a teorización que fixo do período que hoxe chamamos Rexurdimento. Obra hoxe ineludible para quen se achegue ao XIX galego e que no seu momento sorprendeu pola novidade e pola coidada mirada do autor.

O discurso e a gravación do acto son, como é costume, consultables na web da Real Academia Galega (<https://academia.gal/>). Os nosos parabéns ao académico Anxo Angueira por tan feliz e meditada achega.

Patricia Arias Chachero (IES A Pontepedriña)
patchachero@edu.xunta.gal